



CERTIFICADO

Expediente núm.:

22/2017

Órgano colexiado:

A Xunta de Goberno Local

**MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA ACCTAL.,
DESTE ÓRGANO,**

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 31 de xullo de 2017 se adoptou o seguinte acordo:

**EXPEDIENTE 22/2017.ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE
"DOUS VEHÍCULOS COMPACTADORES DESTINADOS Á RECOLLIDA DE
COLECTORES PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU"**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación ao asunto de referencia.

Visto o expediente tramitado para a contratación do *subministro de "DOUS VEHÍCULOS COMPACTADORES DESTINADOS Á RECOLLIDA DE COLECTORES PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU DO CONCELLO DA ESTRADA"*

Visto que dentro do prazo concedido presentaron ofertas as seguintes empresas:

-DALONGA S.A.

-ANGAL VEHÍCULOS INDUSTRIALES

-SVAT S.A.

Vistas as proposicións formuladas por todos os licitadores.

Visto o Ditame de clasificación de ofertas da Mesa de Contratación, e a consecuente proposición para que esta alcaldía realizara Proposta de Adjudicación.

Visto que a empresa DALONGA S.A., foi a que obtivo a maior puntuación.

Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adjudicación excluído o IVE.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 7.2 do Decreto 1627/97, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de 15 de xuño de 2015.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade os seguintes ACORDOS:

1º- Adjudicar o contrato do subministro de DOUS VEHÍCULOS COMPACTADORES DESTINADOS Á RECOLLIDA DE COLECTORES PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU DO CONCELLO DA ESTRADA por importe de 433.305,84 euros (IVE incluído), a DALONGA S.A. con CIF n.º A3601112 con enderezo en Rubianes-Vilagarcía de Arousa, con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

2º.- Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adjudicación.

3º- Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e

Concello da Estrada



co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233